

REGULAMENTO

SAN SILVESTRE PADRONESA

Data: Martes, 31 de decembro de 2024

Hora: 17:00h

Lugar: Paseo do Espolón (Padrón).

Distancia: 5.7km

Organiza: Concello de Padrón.

1.- CARÁCTER DA PROBA E PARTICIPACIÓN

A San Silvestre Padronesa é unha proba deportiva non competitiva e de carácter solidario, o seu principal obxectivo é recoller alimentos para as familias máis necesitadas da contorna.

A proba poderá completarse camiñando, correndo ou en bicicleta e poderán participar todas aquelas persoas que o desexen. Os menores deberán ir acompañados dun adulto responsable.

2.- CATEGORÍAS E PERCORRIDO

A proba non é competitiva, polo tanto non haberá clasificacións nin trofeos.

Darase unha única saída para todos/as os/as participantes. A saída e chegada terá lugar no Paseo do Espolón e os/as participantes terán que situarse na liña de saída 5 minutos antes do inicio da proba.

A carreira terá unha distancia de 5.7km co seguinte percorrido (ver plano):

Tramo neutralizado (1 km)

Saída do Paseo do Espolón – Rúa Nova – Rúa Longa – Rúa Tetuán – Fondo de Vila – Rúa Castelao – Ponte de Santiago – Praza da Leña

Tramo aberto (4.7km)

Praza da Leña – completamos o percorrido seguindo o circuito homologado de 5 km á inversa – chegada no Paseo do Espolón.

3.- INSCRICIÓNS E PRAZOS

As inscricións realizaranse o mesmo día da proba, desde as 15:45h e ata 10 minutos antes do inicio da proba. No momento da inscrición, cada participante recibirá un dorsal asignado pola organización que deberá levar nun lugar visible durante o transcurso da proba.

O custo de cada inscrición será a doazón dun quilo dalgún alimento non perecedeiro, que se entregará no posto de Cáritas Padrón antes de facer a inscrición.

Os datos obrigatorios para as inscricións son: nome e apelidos, data de nacemento, localidade e teléfono.

4.- CONTROL DA CARREIRA E SEGURIDADE VIAL

A organización contará coa colaboración dos organismos municipais competentes para manter a seguridade vial durante todo o percorrido.

O control de chegada pecharase 45 minutos despois da entrada en meta do primeiro/a participante na proba.

5.- USO DE DATOS E DEREITOS DE IMAXE

Todos/as os/as participantes no momento de realizar a súa inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

O participante autoriza o uso de fotografías propias sempre que o seu uso garde relación co evento no que se subscribe. Coa realización da inscrición o participante admite que o organizador, poida facer uso da imaxe de todos os participantes en calquera formato xa sexa gráfico ou dixital e en todas as súas formas (vídeo, foto, DVD, internet, carteis, medios de comunicación etc.). Todos os dereitos de imaxe pertencen ao organizador (Concello de Padrón).

6.- SERVIZOS PARA OS/AS PARTICIPANTES

Todos/as os/as participantes disporán dos seguintes servizos:

- Servizo de duchas no Pavillón municipal Grupo Escolar: aberto de 16:00 a 18:30 horas.
- Obsequio para tod@s @s participantes ata agotar existencias.
- Avituallamento en liña de meta.
- Servizo de gardarroupa.
- Servizo de ambulancia, médico e sanitario.
- Seguro de accidente deportivo para o corredor e RC do evento.

7.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGLAMENTARIAS

A organización reservase a potestade de cambiar os percorridos definidos, horarios ou modificar o regulamento, circunstancias que serán comunicadas aos participantes.

Todos/as os/as atletas inscritos nas probas darán por aceptado o presente regulamento e o descoñecemento do mesmo non exime do seu cumprimento.

A organización da proba declina toda a responsabilidade dos danos que os/as atletas puideran ocasionar, ocasionarse ou derivasen da participación destes nas probas. A organización tampouco se responsabiliza dos obxectos persoais que poidan extraviarse ou danarse.